



## APERTURA POLA TARDE (CON CITA PREVIA)

Accede á páxina do Opacmeiga e consulta o catálogo. Despois reserva o teu libro enviando un correo a Lelucha.



[leluchaemprestitos@gmail.com](mailto:leluchaemprestitos@gmail.com)

CEIP O PIÑEIRIÑO

## MOCHILAS VIAXEIRAS

O RECUNCHO DE LELUCHA.  
BIBLIOTECA AFONSO X O SABIO



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**Os libros gustan da viaxe e da sorpresa, agardan nos andeis ou nos expoñentes por esa man que, ao abrilos, poña en funcionamento a maxia da lectura.**

MOCHILA 4ºB-2

CURSO 2020-2021

## QUE SON AS MOCHILAS VIAXEIRAS?

A mochilas viaxeiras permítennos levar un pouco da nosa biblioteca as casas de todos e todas vós: ese conto que tanto nos gustou, ese libro de poemas que ten palabras fermosas, as imaxes dun álbum que tanto me abraíaron, esa música que fai bailar ás pedras, un libro que fala do tema que andamos a estudar...

Cada mochila leva una pequena selección que esperamos que desfrutedes en familia.

**A mochila poderá estar na casa unha semana** pero teredes que devolvela a tempo para que todos os nenos e nenas da clase a poídan levar tamén.

Este ano no noso protocolo incluímos que unha vez devolta a mochila, permanecerá en illamento uns días na aula antes de volver a enviala a outra casa.



**Xunto coa mochila vai una libreta para que cada neno e nena use a modo de diario de viaxe.** Propoñémosvos que escribades nela o que más vos gustou, o que meteriades na mochila e que non está, ... todo o que se vos ocurra. Só vos pedimos que coideades moito a presentación. Esperamos ver debuxos preciosos pintados coas cores do arco da vella, escritos que nos fagan voar entre as palabras e comentarios que nos alegren o corazón. Entre tod@s seguro que o conseguiremos!

Xa só nos queda pedirvos que desfrutedes moito da actividade da mochila viaxeira e por suposto que coideades todo o material que vos chega nela para que a actividade poida seguir funcionando. Vos agradecemos que antes de devolvela comprobedes que dentro dela está (en boas condicións) todo o contido que aparece recollido na folla seguinte.

Moitas grazas.

Equipo de apoio á biblioteca.

## Contido da mochila 4º B-2

- Simplemente Matemáticas. ¡Qué problema!. Steve Way; Editorial Everest. R.-5081
- Simplemente Ciencia. Cuerpo y salud. Bailey Gerry y Steve Way. Editorial Everest. R.-5171
- O meu gato é un poeta. Fran Alonso. Editorial Xerais. R.-4543
- Rita y el pájaro de plata(El mundo de Rita). Mikel Valverde. Editorial Macmillan Heinemann. R.-5061
- El señor del castillo en el cielo ( Tycho Brahe ) María Pilar Gil López, S.A. Miguel A. Salvatella. R.-5178
- Reportero DOC: La increíble historia de Malala.. Premio Nobel de la Paz. N° 248
- Cómic: Asterix: O combate dos xefes, Editorial Galaxia. R.-3939

